



**Concello da Laracha**  
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

---

## **BASES PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE INTERCAMBIOS XUVENIL** **ANO 2024**

### **1. Obxecto**

O Concello da Laracha abre a convocatoria para participar na III edición do Intercambio Xuvenil do ano 2024 coa **Escuela Polo Técnico Professionale I.I.S. Venier di Venezia**.

A través deste Intercambio Xuvenil preténdese levar a cabo a promoción e organización de actividades cun claro compoñente de educación non formal destinadas á xuventude no ámbito do ocio e o tempo libre.

Este intercambio pretende acadar os seguintes obxectivos:

- Propiciar o coñecemento dos países da Unión Europea a través da relación entre persoas de distintas procedencias.
- Favorecer a práctica doutos idiomas.
- Posibilitar o intercambio de ideas sobre aqueles temas de interese común con cidadáns doutros países.
- Favorecer o coñecemento de España en xeral e de A Laracha en particular: modos de vida, costumes, etc.

### **2. Descrición da actividade**

O Intercambio Xuvenil con Venecia do ano 2024 terá lugar do 24 de agosto ao 31 de agosto. Esta experiencia combina actividades de educación non formal con visitas culturais (debates, sesións informativas,...). Este Intercambio permitirá a 8 xoves do Concello da Laracha compartir formación, experiencia e actividades con xoves italianos durante 8 días.





### 3. Destinatarios

- Poderán participar 8 mozos e mozas que estean empadroados no Concello da A Laracha antes do 1 de agosto de 2023.
- Terán entre 18 e 30 anos. Os participantes terán cumpridos os 18 anos antes da saída o 24 de agosto de 2024.
- Os participantes asumirán os gastos de desprazamento ata o punto de saída (aeroporto) e o retorno desde o aeroporto ao domicilio.
- Deberán acreditar o coñecemento do inglés.

### 4. Gastos de participación

O Concello da Laracha asume a diferenza entre a taxa e os gastos reais dos participantes.

A participación neste intercambio ten un prezo público de inscrición por importe de 200€.

O prezo público de participación **inclúe**:

- programa de actividades de carácter sociocultural, recreativo, formativo e convivencial, que posibilite a participación a persoa moza.
- Desprazamentos en avión, bus, taxi, barco,...
- Aloxamento na “**Escuela Polo Técnico Professionale I.I.S. Venier di Venezia**”
- A manutención en réxime de pensión completa
- O material necesario para o desenvolvemento da actividade e o persoal técnico
- Atención sanitaria e seguro de accidentes





## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

### 5. Prazo, lugar e forma de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de **5 días naturais** dende a publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia (BOP), na sede electrónica e na web municipal.

Neste prazo só se presentará o ANEXO I, a documentación relativa a cada participante presentarase unha vez adxudicada a praza.

Ofértanse 8 prazas para participar no Intercambio

As persoas interesadas que cumpran os requisitos poderán presentar a solicitude vía sede electrónica (<https://sede.alaracha.gal>), presencialmente no rexistro do Concello conforme o ANEXO I ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### 6. Selección dos participantes

Finalizado o prazo establecido para a presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e verificado que cumpren os requisitos esixidos, procederase a adxudicación das prazas.

Terán preferencia aqueles solicitantes que non participaron na edición anterior.

Se hai máis solicitudes que prazas realizarase un sorteo público no salón de actos do Concello. A data da celebración do sorteo comunicarse a través da páxina web do Concello, da sede electrónica e vía correo electrónico aos inscritos. Quedará fixado un listado de reserva, de ser o caso.

### 7. Aceptación da praza

Unha vez rematado o proceso de adxudicación de prazas publicarase na web municipal, na Sede Electrónica e vía correo electrónico aos beneficiarios. A continuación ábrese un novo prazo de **5 días naturais** para presentar a documentación.





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Documentación a presentar polos seleccionados:

- Fotocopia do DNI
- Tarxeta sanitaria europea
- Informe médico sobre alerxias ou outras causas médicas a ter en conta na viaxe
- Xustificante do aboamento do importe do prezo público (200€).

O ingreso do prezo público levarase a cabo en réxime de autoliquidación, pago con tarxeta nas dependencias municipais, transferencia bancaria ou ingreso nas contas do Concello de: ABanca ES20 2080 0079 9231 10000015, LaCaixa ES08 2100 4912 2122 00004416 e Banco Pastor ES10 0238 8126 1606 60000173.

No suposto de non presentar a documentación e o xustificante de pago no prazo establecido entenderase que **renuncia a solicitude** de participación sendo notificada a confirmación da renuncia ao interesado/a e a adxudicación da praza a persoa fixada no listado de reserva. Só no suposto de que, por causas xustificadas, o interesado/a non puidera realizar a actividade solicitada, procederáse á devolución da taxa.

#### 8. Compromiso de participación

Quen participe no Intercambio adquire os seguintes compromisos:

- Involucrarse na participación das actividades e asistir as sesións organizadas.
- Responsabilizarse do cumprimento dos horarios acordados e actividades programadas.
- Acudir o punto de saída (aeroporto) na data e horario indicado polo Concello da Laracha.
- Facerse responsable das súas pertenzas.





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

---

09. Lexislación aplicable

O Intercambio réxese polas presentes Bases e no non previsto nas mesmas, polo ordenamento xurídico administrativo. A participación no evento supón aceptación expresa das Bases.

10. Protección de datos

A presentación da solicitude de participación implica o consentimento para o tratamento dos datos persoais contidos na mesma, de conformidade co Regulamento Xeneral de Protección de Datos da Unión Europea 2016/679 e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais. Ditos datos poderán ser utilizados unicamente a efectos de difusión das actividades organizadas por este Concello, podendo exercer ante o mesmo os dereitos de acceso, rectificación, supresión, dereito á limitación do tratamento, así como á portabilidade dos datos.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)**ANEXO I****CONVOCATORIA DE INTERCAMBIOS XUVENIS 2024- CONCELLO DA LARACHA****DATOS PERSOAIS**

Nome e apelidos	
Data de nacemento	
DNI	
Enderezo	
Correo electrónico	
Número de teléfono	
Precisa dunha dieta especial, ten intolerancia alimentaria, tratamento farmacolóxico, alerxias, outros condicionantes médicos ( mobilidade, etc)	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON En caso de resposta afirmativa acreditar con informe médico no momento oportuno

**EXPOÑO:**

Que cumpro cos requisitos para participar na convocatoria de Intercambios Xuvenís que organiza o Concello da Laracha no ano 2024 con destino Venecia.

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

A presentación da solicitude de participación implica o consentimento para o tratamento dos datos persoais contidos na mesma, de conformidade co Regulamento Xeneral de Protección de Datos da Unión Europea 2016/679 e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais. Ditos datos poderán ser utilizados unicamente a efectos de difusión das actividades organizadas por este Concello, podendo exercer ante o mesmo os dereitos de acceso, rectificación, supresión, dereito á limitación do tratamento, así como á portabilidade dos datos.

**Sr. ALCALDE DO CONCELLO DA LARACHA**